

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONUI09S	<i>Expediente</i> CON/73/2010	<i>Fecha</i> 16-03-10 11:33

Asunto

Prestación de servizo para a execución de verificacións do artigo 13 do Regulamento 1828/2009 no marco do programa "Urbana Santiago Norte"

PREGO DE CONDICIÓNNS TÉCNICAS QUE REXEN A ADXUDICACIÓN, POR PROCEDEMENTO ABERTO DUNHA ASISTENCIA TÉCNICA PARA A EXECUCIÓN DE VERIFICACIÓNNS DO ARTIGO 13 DO REGULAMENTO 1828/2006 NO MARCO DO PROGRAMA "URBANA SANTIAGO NORTE"

0. INTRODUCCIÓN

URBANA é unha iniciativa cofinanciada pola Unión Europea, a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, incluída no Programa Operativo de Galicia 2007-2013, que ten como obxectivo pór en marcha estratexias innovadoras de rexeneración urbana, que mediante un enfoque integrado contemplando aspectos sociais, económicos e medioambientais, favorezan un desenvolvemento urbano sostible de acordo cos principios e orientacións estratéxicos das políticas comunitarias.

O Concello de Santiago presentou a súa candidatura a esta iniciativa en xaneiro de 2008 o proxecto foi aprobado definitivamente polo Ministerio de Economía no mes de xullo dese ano cun orzamento global que ascende a 11.433.590 € dos cales o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional aporta 8.003.513 € (70%) e o Concelo contribúe con 3.430.077 € (30%).

O Proxecto Urbana Santiago Norte, ten como obxectivo a posta en marcha dunha estratexia integral de rexeneración urbana nos barrios da zona norte para equilibralos co resto da cidade.

O proxecto recolle un conxunto de actuacións de carácter integral nos barrios de Vista Alegre, Romaño, Vite, Guadalupe, Salgueiriños, San Caetano, Basquiños, Ulteira, Espírito Santo, A Estila, A Almáciga, San Pedro, Concheiros, Belvís e Quiroga Palacios.

Contémpanse dentro do Urbana un conxunto de medidas e actuacións que se agrupan en nove áreas temáticas:

1. Sociedade da información
2. Fomento da integración social e da igualdade de oportunidades
3. Medio ambiente urbano e redución e tratamento de residuos
4. Desenvolvemento do tecido econonómico: accións a favor do emprego, e da actividade empresarial
5. Accesibilidade e mobilidade
6. Fomento do uso máis eficaz da enerxía
7. Cultura e patrimonio
8. Infraestruturas de servizos
9. Formación profesional

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONUI09S	<i>Expediente</i> CON/73/2010	<i>Fecha</i> 16-03-10 11:33

O Concello de Santiago de Compostela, en calidad de organismo intermedio ante a Autoridades de xestión do FEDER é o responsable de levar a cabo as verificacións sobre as operacións correspondentes ao seu ámbito de xestión previstas no artigo 13 do Regulamento 1828/2006, para o cal necesita a asistencia técnica dunha firma especializada.

1. **OBJECTO:**

O obxecto do contrato está constituído pola prestación por parte do adxudicatario dos servizos profesionais de colaboración co Concello de Santiago de Compostela, para a realización das verificacións previstas no artigo 13 do Regulamento (CE) 1828/2006 en relación co Programa URBANA Santiago Norte, cofinanciado polo FEDER no periodo 2007-2013 e no ámbito do Programa Operativo do FEDER en Galicia.

A presente colaboración plasmarase en informes de control financeiro e terá como finalidade dar cumprimento ao punto 4.1 “Disposicións de aplicación dos Programas Operativos” incluídos no Marco Nacional de Referencia.

Os informes emitidos presentarán os feitos reais de forma exacta, incluíndo unicamente información sobre feitos comprobados, e conclusións fundamentadas por evidencia suficiente contidos nos papeis de traballo. Deberán incluírse de forma clara as conclusións identificándose as irregularidades que se detecten e a súa cuantificación, e, no seu caso, as recomendacións.

Os informes elaborados deberán axustarse en todos os seus termos ao modelo recollido no Anexo I ao prego de condicións técnicas.

2. **METODOLOXÍA DE TRABALLO**

2.1. **CONTIDO DOS INFORMES**

As actuacións da firma auditora plasmaranse en informes de control que terán como finalidade pór a disposición do organismo intermedio unha información detallada das incidencias encontradas nas certificacións provisionais de gasto analizadas, indicando o gasto que se propón retirar das mesmas e das certificacións que estando xa tramitadas á Autoridade de Xestión resultan afectadas en dita análise.

Asimesmo informarase ao organismo intermedio sobre a conformidade coa normativa nacional e comunitaria dos expedientes de contratación que dean lugar a gastos incorporables ao proceso de certificación e sobre o cumprimento das normas medioambientais das operacións cofinanciadas.

Tamén proporcionarán os elementos que permitan ao organismo intermedio xulgar se o funcionamento dos sistemas de verificación dos beneficiarios son correctos en orde a atender as

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONUI09S	<i>Expediente</i> CON/73/2010	<i>Fecha</i> 16-03-10 11:33

esixencias do art. 13 do Regulamento 1828/2006, formulando as recomendacións que, no seu caso, contribúan a subsanar as deficiencias observadas.

Os informes emitidos presentarán os feitos reais de forma exacta, incluíndo únicamente información sobre feitos comprobados e conclusións fundamentadas por evidencia suficiente, contidos nos papeis de traballo. Deberán incluírse de forma clara as conclusións do traballo realizado (identificándose as irregularidades que se detecten e a súa cuantificación) e, no seu caso, as recomendacións que se considere necesario formular.

Os informes elaborados axustaranse aos modelos recollidos no Anexo I do prego de prescricións técnicas.

2.2 CONTIDO DAS PRESTACIÓNS QUE DEBEN FACILITARSE

2.2.1 Asistencia técnica no marco das verificacións relativas ao art. 13 do Rgto 1828/2006 e Art. 60 (b) Rgto. 1083/2006, sobre as operacións executadas polo Concello de Santiago de Compostela, dentro do Programa URBANA Santiago Norte no marco do Programa Operativo de Galicia 2007-2013.

En concreto, control dos seguintes aspectos:

- leváronse a cabo a entrega dos bens ou a prestación dos servizos obxecto de cofinanciación de conformidade coa decisión aprobatoria.
- Efectuouse realmente o gasto declarado polos beneficiarios en relación coas operacións obxecto de cofinanciación.
- O gasto declarado polos beneficiarios en relación a ditas operacións cumpre normas comunitarias e nacionais aplicables na materia e en especial as relativas a subvencionabilidade dos gastos, medio ambiente e contratación pública.
- As solicitudes de reembolso son correctas.
- Non se dá o caso da dobre financiación do gasto declarado con outros rexímenes comunitarios ou nacionais e con outros períodos de programación.

2.2.2 Asímesmo, ditas verificacións incluírán os procedementos seguintes:

- Verificacións administrativas de todas as solicitudes de reembolso, garantizando a regularidade do 100% das declaracións de gasto formuladas polos beneficiarios, comprobando a realidade dos pagos e a súa adecuación ás condicións de aprobación da axuda, incluídas todas as normas que sexan de aplicación a esta última.
- Verificacións sobre o terreno de operacións concretas, Realízase a verificación do 100% das operacións que comprende o proxecto.

2.3 TRABALLO A REALIZAR

As prestacións incluídas no punto anterior concréntanse nos seguintes traballos:

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONUI09S	<i>Expediente</i> CON/73/2010	<i>Fecha</i> 16-03-10 11:33

2. 3.1 Verificacións administrativas.

A revisión administrativa realizarase sobre o 100% das certificacións presentadas polos beneficiarios ou as previas do propio organismo intermedio, e están referidas aos aspectos administrativos e financeiros das operacións obxecto de certificación.

Os aspectos a comprobar serán:

- Exactitude das solicitudes de reembolso.
- Realización dos gastos no período elixible.
- Vinculación dos gastos á operación aprobada.
- Cumprimento das condicións do programa, incluíndo, no seu caso, a conformidade coa taxa de financiación aprobada.
- Conformidade coas normas de elixibilidade nacionais e comunitarias.
- Adecuación dos xustificantes á existencia dunha pista de autoría.
- Conformidade coa normativa sobre axudas de estado, normas medioambientais, igualdade de oportunidades e non discriminación.
- Conformidade coas normas nacionais e comunitarias sobre mercados públicos.
- Respeto das normas nacionais e comunitarias en materia de publicidade.
- Inexistencia de dobre financiación do gasto con outros rexímenes comunitarios e outros períodos de programación.

Estas verificacións realizaranse ex ante, é dicir, con anterioridade ao envío das certificacións á autoridade de Xestión e, polo tanto, antes da gravación das mesmas no sistema "Fondos 2007".

A comprobación a realizar polo auditor axustaranse ás listas de comprobación aprobadas pola autoridade de xestión, que figuran inscritas no sistema informático "Fondos 2007".

2.3.1.1. Control da contratación. As verificacións en fase administrativa recollerán a totalidade dos expedientes de contratación, atendendo ao cumprimento da normativa nacional e comunitaria sobre contratación pública e analizando ademais entre outros, os puntos críticos que se detallan a continuación.

- Falta de separación entre as fases de selección e adxudicación. Confusión entre os criterios de ambas fases.
- Emprego de prescripcíons discriminatorias
- Documentación inadecuada ou insuficiente dos procedementos.
- Modificados carentes de autorización expresa da D.X. de Fondos Comunitarios ou complementarios non xustificadas.
- Non publicación dos criterios de admisión e adxudicación
- Valoración de criterios de admisión e adxudicación distintos dos publicados.
- Fraccionamento artificial dos contratos para evitar as obrigas en materia de publicidade

Os resultados destas verificacións incluíranse nunha sección que formará parte do informe xeral sobre certificación.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONUI09S	<i>Expediente</i> CON/73/2010	<i>Fecha</i> 16-03-10 11:33

Nos casos en que non se aplican as leis de contratación para o sector público, o auditor deberá pronunciarse sobre a conformidade dos procedementos aplicados cos principios de publicidade, concorrencia e non discriminación.

2.3.1.2 Unha vez revisado o conxunto de certificacións, os gastos autorizados pasarán a formar parte da certificación provisional, pendente de comunicar á autoridade de xestión.

2.3.1.3 En caso de que se detecten irregularidades, o procedemento a seguir será o seguinte:

- *Proporase a dedución dos gastos afectados da Certificación provisional.*
- *As irregularidades serán comunicadas aos beneficiarios, de cara a iniciar o proceso de resolución no seu caso.*
- *Emitirase un informe con desglose por Certificación e Programa, onde se especifique o tratamento a aplicar ás irregularidades, no caso de que sexan sistemáticas, así como unha análise pormenorizada por beneficiario.*
- *Conservarase rexistro de todas as verificacións realizadas, nos que se indicará o traballo realizado, data e os resultados da verificación, así como as medidas adoptadas en caso de observación de algunha irregularidade.*

2.3.2. Verificacións “in situ”.

Na sede dos beneficiarios comprobarase a regularidade e eficacia dos procedementos de verificación aplicados por ditos beneficiarios, no caso de que se lles atribuíse parte de ditas tarefas, e verificarase o gasto dunha mostra significativa das operacións executadas polos mesmos.

No lugar de emprazamento ou realización da obra ou servizo verificaranse asimesmo, os aspectos técnicos e físicos das operacións cofinanciadas contando para iso, se fose necesario, co concurso de persoal técnico especializado do órgano contratante ou doutros órganos.

O número e momento destas verificacións, así como o alcance das mostras de control, axustaranse ao Plan establecido ao efecto polo Concello de Santiago de Compostela.

Gardarase rexistro detallado destas visitas de control, incluíndo os documentos analizados, o criterio de selección das mostras e as listas de comprobación empregadas.

2.4. PRESENZA

Con carácter permanente, a firma auditora porá a disposición do organismo intermedio polo menos unha persoa do equipo proposto, de forma que exista unha asistencia continuada na resolución de incidencias, así como recepción das liquidacións e actualización de datos nas ferramentas informáticas do sistema. O adxudicatario deberá adaptar a súa dotación de persoal, de conformidade co responsable do proxecto, de modo que se garanta o cumprimento do calendario de certificacións previsto para cada exercicio.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONUI09S	<i>Expediente</i> CON/73/2010	<i>Fecha</i> 16-03-10 11:33

2.5. SUBMINISTRO DE INFORMACIÓN AO ORGANISMO INTERMEDIO

2.5.1. Informes de revisión e prazos

Realizadas as comprobacións, elaboraranse dous informes:

- Informe de control sobre verificacións administrativas, que acredite o cumprimento do art. 13 do Regulamento 1828/2006 das cantidades e proxectos que se van certificar, incluíndo a sección sobre contratación citada no punto 2.3.1.1.
- Informe sobre visitas “in situ”.

Incluíranse nese informe os resultados das verificacións detalladas no punto 2.3.2.

Este informe conterá, ademais outra sección sobre irregularidades, especificando que é incorrecto ou que documentación falta. Esta sección incluírá unha información detallada das incidencias encontradas nas certificacións de gasto analizadas, indicando o gasto que se propón retirar de ditas certificacións e das que, tendo sido xa tramitadas á autoridade de Xestión, resulten afectadas por dita análise. Figurarán ademais as medidas recomendadas en caso de que as irregularidades sexan sistémicas.

O adxudicatario deberá elaborar os informes coa cadencia que esixan os compromisos de certificación asumidos polo Concello de Santiago.

2.5.2. Programa Inicial e Informe Final

Ademais dos informes previstos no punto anterior, a empresa adxudicataria presentará os seguintes documentos:

- Un programa inicial cun calendario de actuacións a realizar desde o momento da sinatura do contrato ata o final do mesmo, acompañado dunha explicación sobre a posible estratexia a seguir con vistas á execución normal do contrato dentro do prazo establecido. Este documento deberá presentarse dentro dos trinta días seguintes á formalización do contrato.
- Un informe final, contendo unha relación pormenorizada dos controis realizados e unha descrición e análise da asistencia prestada no seu conxunto e dos resultados obtidos.

2.6 DEREITOS E OBRIGAS ESPECÍFICAS DAS PARTES, NORMAS COMPLEMENTARIAS E DISPOSICIÓN VIXENTES

1.- O adxudicatario deberá destinar ao servizo o persoal preciso para atender as obrigas desta contratación. Dito persoal dependerá exclusivamente do adxudicatario, polo que este terá todos os dereitos e deberes inherentes á súa calidade de patrono e deberá cumprir as disposicións vixentes en materia laboral, Seguridade Social e seguridade e hixiene no traballo, referidas ao propio persoal ao seu cargo, sen que en ningún caso poida alegar dereito algún por dito persoal en relación coa Administración, nin esixirse a esta responsabilidade de ningunha clase, como consecuencia das obrigas existentes entre o adxudicatario e os seus empregados, aínda no suposto de que as medidas que se adopten se basen no incumprimento, interpretación ou resolución do contrato. Á

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONUI09S	<i>Expediente</i> CON/73/2010	<i>Fecha</i> 16-03-10 11:33

extinción do contrato non poderá producirse en ningún caso a consolidación do persoal que a empresa destinase a realizar o servizo como persoal da Administración contratante (art. 277 LCSP)

2.- O adxudicatario propondrá ao Órgano de Contratación con anterioridade á prestación do servizo e para a súa autorización, a relación do persoal correspondente, detallando a experiencia e cursos de formación realizados por cada traballador, así como a dotación de material, ferramentas, útiles e aparellos de medida e control técnico dos que disporá cada un dos operarios para o desempeño das súas funcións. A Administración resérvase o dereito a esixir a substitución do persoal por mal comportamento, incapacidade ou outras causas xustificadas.

3.- O adxudicatario debe comunicar con carácter previo á execución do contrato a identificación dos compoñentes do equipo de traballo.

4.- A administración exercerá de xeito continuo e directo a inspección e vixilancia do traballo encomendado, para o cal o adxudicatario deberá facilitar a visita e exame de calquera proceso ou fase do traballo aos responsables do contrato designados pola Administración, dándolle ao adxudicatario as instrucións precisas, sempre que non se opoñan ás disposicións en vigor, ou ás cláusulas dos pregos reguladores desta contratación e demais documentos contratuais.

5.- Será de conta do adxudicatario o pagamento dos impostos, taxas e arbitrios de calquera clase que sexan a que dea lugar a execución do contrato, así como os recargos establecidos ou que no futuro puideran establecerse.

6.- O adxudicatario, ademais das normas de aplicación a que se fai referencia neste prego, queda obrigado, na súa calidade de empresario, ao cumprimento das disposicións relativas ao contrato de traballo, protección de emprego e condicións laborais, lexislación laboral, obrigas fiscais e protección do medio ambiente, tanto vixentes, como aquelas que se promulguen durante a execución do traballo (art 103 LCSP)

7.- As relacións coa empresa adxudicataria levaranse a cabo a través dun representante nomeado pola mesma, con plena disponibilidad horaria.

8.- Será obriga do contratista indemnizar todos os danos e prexuízos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato.

9.- O contratista deberá respetar o carácter confidencial da información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato, que polo órgano de contratación se determine como tal, debendo manter dita confidencialidade durante 5 (cinco) anos desde o coñecemento da mesma (art. 124.2 LCSP)

10.- O Concello de Santiago adquirirá con carácter permanente o dereito a usar, distribuír e explotar a información e resultado dos traballos.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONUI09S	<i>Expediente</i> CON/73/2010	<i>Fecha</i> 16-03-10 11:33

11.- O adxudicatario, que terá a consideración de encargado do tratamento (D.A. 31 LCSP), quedará obrigado ao cumprimento do disposto na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal e especialmente no indicado no seu artigo 12.

No contrato estipularanse, asimesmo, as medidas de seguridade a que se refire o artigo 9 desta Lei, que o encargado do tratamento está obrigado a implementar.

3. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLOS LICITADORES

Ademais da proposición económica e a documentación que se especifique no prego de cláusulas administrativas, os licitadores presentarán o seguinte:

o Contido da proposta, con descrición pormenorizada do contido ofertado para o bo fin do contrato correspondente a esta licitación e o valor engadido que se aporta con respecto aos requisitos mínimos obxecto da presente contratación, acordes cos obxectivos inicialmente propostos.

o Breve descrición da empresa licitadora e relación de traballos de similares características realizados nos últimos cinco anos, en especial en fiscalización de gasto de proxectos cofinanciados con fondos europeos.

o Equipo técnico e humano que dedicará á execución do contrato, con aportación obrigatoria do CV de cada un dos compoñentes e a acreditación correspondente como auditores inscritos no Rexistro Oficial de Auditores de Contas.

o Descrición detallada da metodoloxía de traballo a implementar para garantir o cumprimento das verificacións marcadas neste prego de prescricións técnicas.

4 NORMATIVA DE APLICACIÓN

A realización das tarefas do presente contrato rexerese polas normas comunitarias e nacionais aplicables ás intervencións do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) durante o periodo de programación 2007 – 2013, especialmente a contida na lexislación que se detalla a continuación:

Normativa comunitaria:

Regulamento (CE) Nº 1080/2006 do Parlamento Europeo e do Consello de 5 de xullo de 2006 relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e polo que se derroga o Regulamento (CE) 1783/1999.

Regulamento (CE) Nº 1083/2006 do Consello de 11 de xullo de 2006 polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión e se derroga o Regulamento (CE) Nº 1260/1999.

Regulamento (CE) Nº 1828/2006 da Comisión de 8 de decembro de 2006 polo que se fixan normas de desenvolvemento para o Regulamento (CE) Nº 1083/2006 do Consello, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONUI09S	<i>Expediente</i> CON/73/2010	<i>Fecha</i> 16-03-10 11:33

Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión, e o Regulamento (CE) N° 1080/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional.

Directiva 2004/18/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 31 de marzo de 2004, sobre coordinación dos procedementos de adxudicación dos contratos públicos de obras, de subministros e de servizos.

Outra normativa comunitaria aplicable, así como os documentos de Boas Prácticas para a realización de controis no período 2007-2013 da Comisión Europea, as Directrices aos Organismos Intermedios para a xestión e o control das actuacións cofinanciadas polo FEDER e o Fondo de Cohesión en España, e demais orientacións da Dirección Xeral de Fondos Comunitarios, Ministerio de Economía e Facenda, especificamente, o recollido e aplicable do documento de orientación para as verificacións da xestión que han de realizar os Estados membros sobre as operacións cofinanciadas polos Fondos Estructurais e o Fondo de Cohesión no período de programación 2007-2013.

Normativa nacional:

Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Orde EHA/524/2008, de 26 de febreiro, pola que se aproban as normas sobre os gastos subvencionables dos programas operativos do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e do Fondo de Cohesión.

5. COORDINACIÓN E SEGUIMIENTO DOS TRABALLOS

As funcións de coordinación, seguimento e control do obxecto do contrato corresponderán á Oficina Urbana Santiago Norte, baixo a supervisión da Comisión de Dirección e seguimento do proxecto.